

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO ANUNCIOS

Pola presente dáselle traslado do literal do Decreto N° 461/2021 de data 26/07/2021 no que se convoca a sesión Ordinaria do Pleno.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DE 29/07/2021

EXPEDIENTE N° 2021/G010/000009

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29/07/2021

EXPEDIENTE N° 2021/G003/000499

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola Secretaria municipal o día 26/07/2021, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar de xeito **TELEMÁTICO**, o próximo **xoves 29/07/2021 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 do R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1.-. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

- SESIÓN ORDINARIA DE 24/06/2021

2.- CONTA XERAL EXERCICIO 2020.

3.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ANO 2022.

4.- DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 203/2021 PMP E MOROSIDADE (SEGUNDO TRIMESTRE 2021)



5.- DAR CONTA REMISIÓN INFORMACIÓN MINISTERIO EXECUCIÓN TRIMESTRAL. 2º TRIMESTRE 2021.

6.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 412/2021 DE DATA 08/07/2021 DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2021, E DO DECRETO DE DA ALCALDÍA Nº 429/2021 DE DATA 15/07/2021 E DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE FINANCIAMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2021

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CONTRA O PARQUE EÓLICO PENA DO CORVO

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN APOIO DO XACOBEO 21-22

9- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

10- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, Eva Guerrero Rico, como Secretaria accidental, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

Rógase que en caso de non poder asistir o comunique á Alcaldía, a través da Secretaría Xeral indicando os motivos que o xustificuen.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria accidental do concello de Pontedeume Dona Eva Guerrero Rico. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).